

D. Antonio Torrón Casal, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

### **C E R T I F I C A:**

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 20 de agosto de 2020, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: *Apertura electrónica do Sobre A, correspondente á documentación administrativa e propostas avaliábeis mediante criterios non automáticos, presentadas polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da execución das obras de conservación de firmes das vías provinciais da Deputación de Pontevedra para o ano 2020 Zona C (Expte . 2020018999)***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno de data 24 de xullo de 2020 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado das obras de obras de conservación de firmes das vías provinciais da Deputación de Pontevedra para o ano 2020 Zona C.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/7/2020. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico- administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e propostas avaliábeis mediante criterios non automáticos, presentadas polas empresas que participan no devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación administrativa e técnica, a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir ás seguintes empresas:

- Construcciones Taboada y Ramos SL
- Narom SL
- Construcciones Ponciano Nieto SL
- Construcciones Enrique C.Casas SL
- Fco Gómez y Cia SL
- Explotaciones Gallegas SL
- UTE Alvac SA- Opain SL
- Misturas SA
- Construcciones Fечи SLU
- Construcciones Obras y Viales SA
- Marconsa

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos Sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Mobilidade, ao obxecto de que o persoal técnico avalíe e pondere as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen neste procedemento aberto simplificado.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, a vintecinco de agosto de dous mil vinte.

